



XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Secretaría Xeral Técnica

Edif. Adm. San Caetano, s/n
15781 Santiago de Compostela
Tlf.: 981 544 513 Fax: 981 544 601



DILIXENCIA DE CONSTANCIA

Esténdoa eu, José Ramón Pardo Cabarcos, subdirector xeral de Réxime Xurídico, para facer constar que a memoria que segue, que leva por título *Memoria xustificativa do convenio de colaboración entre a Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións públicas e Xustiza e a Academia Galega de Xurisprudencia e Lexislación*, é unha imaxe obtida mediante o escaneamento íntegro da memoria orixinal, que foi asinada de forma manuscrita o 23 de abril de 2019.

E para que produza efectos cara a súa inscrición no Rexistro de Convenios do Sector Autonómico de Galicia, asino electronicamente a presente dilixencia.





MEMORIA XUSTIFICATIVA E ECONÓMICA DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA, E A ACADEMIA GALEGA DE XURISPRUDENCIA E LEXISLACIÓN

Esta Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza é o órgano da Administración autonómica que ten atribuído o exercicio das competencias en materia de Xustiza. No mencionado ámbito material, constitúe un dos obxectivos contribuír á promoción e desenvolvemento do dereito civil de Galicia.

A Academia Galega de Xurisprudencia e Lexislación é unha entidade adscrita á Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, en virtude do Decreto 373/2003, do 16 de outubro, sobre asunción por parte da Comunidade Autónoma de Galicia de funcións en materia de Academias e a súa asignación a diversos departamentos da Xunta de Galicia, que ten uns cometidos específicos no campo do estudo e da investigación en materia xurídica.

Para os efectos sinalados, tense previsto formalizar coa Academia Galega de Xurisprudencia e Lexislación o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende a data de sinatura do convenio ata o 31 de decembro de 2019.

O convenio ten por obxecto fixar un marco de actuación que defina os compromisos de financiamento que asume a Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza na contribución aos gastos correntes derivados das actividades que realiza a Academia Galega de Xurisprudencia e Lexislación e que a citada institución poida continuar desenvolvendo os seus traballos.

O instrumento convencional que se pretende asinar fundaméntase no seguinte:

A Academia Galega de Xurisprudencia e Lexislación ten por cometido principal o fomento da cultura e investigación, está especialmente dedicada ao estudo do Dereito e, particularmente, do dereito galego, participando activamente na organización de xornadas xurídicas, seminarios e congresos con tal fin.





A singularidade e especificidade das actividades levadas a cabo, así como a natureza específica da entidade destinataria da subvención xustifican que a axuda solicitada se tramite por medio dunha concesión directa a través da formalización dun convenio de colaboración, segundo o artigo 26.2 a) da Lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Para contribuír ao cumprimento deste obxectivo, a Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza achegará á Academia Galega de Xurisprudencia e Lexislación a cantidade de DEZAOITO MIL EUROS (18.000,00 €), para financiar os gastos correntes da institución, que se financiarán con cargo á aplicación orzamentaria 05.21.121A.481.1 (CP 2015 00089) dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma para o ano 2019.

Polo exposto, considérase xustificada a utilización do instrumento do convenio para articular as actuacións de referencia, quedando o dito convenio fóra do ámbito de aplicación da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, con independencia de que, ao abeiro do previsto no artigo 4 da dita norma, lle sexan de aplicación os principios desta lei para resolver as dúbidas e lagoas que se poidan presentar.

Santiago de Compostela, 23 de abril de 2019

A secretaria xeral técnica

Beatriz Cuíña Barja

